


A ROSA TERRA

IDEARIUM
DAS

IRMANDADES
DA FALA



ANO XII

N. 246

1.º de Março de 1923

CAMILLO DIAS

A NOSA TERRA

BANCO PASTOR Casa fundada
en 1876

Capital suscrito, 17.000.000

Capital desembolsado, 8.500.000

A CRUÑA - VIGO - LUGO - OURENSE - FERROL - VIVEIRO - SARRIA - MONFORTE - TUY - ESTRADA
CARBALLO - MUXÍA

ZINCKE HERMANOS

LIBREIRÍA

PAPELEIRÍA

IMPRESA

Cantón Grande, 21 -- Estrella, 37

A CRUÑA

PAULINO FREIRE
BOUZAS — VIGO

Sucursales: na Cruña - Ferrol

*Redes d'algodón para tarrafa Aparellos armados e
en panos, para barcos pesqueiros. Malletas de abaca
e cáñamo alquitranado-Cables de aceiros, ingleses
Aceites xenerás e vexetaes, e surtido completo para
maquinaria e pesca.*

SAITA LUCÍA, 26 e 28

A CRUÑA

A superioridade dos
CALZADOS SENRA

abonda para xustificar a preferencia dos consumidores, mais
o procedere d'unha industria galega,

HONRA DA NOSA REXIÓN

obriga á non gastar outros á cantos sinten amor pol-a súa Terra

Fábrica: Avenida da Granxa -- A CRUÑA

DESPACHOS: Cantón Grande, 15 - A CRUÑA -- Real, 110 - FERROL, - Príncipe, 9 - VIGO

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

Redacción e Administración

Rúa Real, 36 - 1.º

A CRUÑA

Precios de Suscripción

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano
6 pesetas. América, un ano 8 pesetas.

PAGOS ADIANTADOS

ANO XII



1.º de Marzal do 1928



Núm. 246

AO DECORREL-OS DIAS

Acentúase cada día que pasa o intrés e a preocupación pol-o desenrolo actual da literatura galega. Unha firme demostración que dá validez ás opinións que a cotío estanse vertendo en diversos xornás e a canto nós constantemente vimos pregoando no senso de facer resaltar o feito, é que nos altos centros literarios do extranxeiro xa intresa grandemente o actual movemento literario galego o cal se estuda con verdadeiro intrés. Moitos nomes dos nosos autuás literatos pasaron xa os lindeiros da Galicia e de Hespaña e constantemente e de diversos sitios reciben, o mesmo NÓS que A NOSA TERRA, cartas e documentos intresándose vivamente pol-a nosa literatura. Con gran frecuencia chegan a Galicia revistas extranxeiras que falan con cariño do asunto e piden o troque co-as nosas revistas e a colaboración dos nosos escritores encol de temas galegos.

O xurdio momento actual, para nós d'unha importancia extraordinaria, encamiña á Galicia á conquistar un respecto e unha atención universás no orde cultural que ben meresce que lle adiquemos unhas verbas de ledicia.

Atualmente intresan as novas literaturas e verificase n'este orde de cousas unha revisión grande.

Aparellado co rexurdir das pequenas nacionalidades xurden n'elas, ataviadas co'a vestimenta racial, novos destellos culturás e aportacións á cultura universal. N'iste caso atópase Galicia, que así ven adequirindo belixerancia no concerto xeneral dos pobos cultos.

Forza é que os galegos que viven ao marxe d'estas cousas decátense d'elas e vexan como mentras eles quédanse atraís, porque fan ovuidos de mercader ás vibracións esprituás que emerxen do actual momento galego, a

propia Galicia ábrese camiño e conquiere chamar a atención do mundo cultural porque así o quixeron uns cantos imaxineiros da Galicia nova que teñen como armas de traballo unha rexa vontade e patriotismo e materias aqueles esgrevios que amostra a canteira galega sempre inagotable. A canteira que producen alma, sentimento, fala, carácter. N' unha verba: Raza. Verba subprime que inspira a nosa renascencia e cuia forza enerxética levará a Galicia deica moi lonxe, tanto mais lonxe canto mais grande sexa a vontade da actual xeneración galega.

O LABIO DOS LIBROS

Teimo falar hoxe d' unha caste d' homes pol-os que sinto unha crás d' envexa. Tamén eu ô decorrer de moitos anos fun catecúmeno da súa eirexa, ceibe; solta, espallada por total-as latitús. Inda ô son hoxe o môr tempo que poido. As definicións xenerás nón din ren. Millor lembrar algús istantes do catador dos viños espiroás. Sae pol-a mañán, xa tardeiro; pois non ten obrigas graves c'a Sociedade. A xente atafégase nas mil e unha angueiras da vila. C'o sol das once cada un adquire a maisima prestanza no desenrolo do seu papel: o comerciante, o funcionario, o cobrador do banco, a rapaza que na galería asoellada; atromenta a crudel dentamía d' un piano. O fino catador de esencias e de formas é cidadán do mundo e de total-as cidades. Olla con simpatía ôs bagaceiros do xardín monicipal e ôs retirados que esculcan unha vegada mais nas lembranzas d' Ultramar pra obteñer a conversa da mañán. Na mesía, acarón do leite, fica, cuáseque esgotado o derradeiro libro. Chegou o sono, âs apalpadelas, pol-os meos das liñas impreatadas, alargando o intrés das páxinas no sôlpor do dormir. Quizais a mañán figure tinxida pol-as coores do libro. Quizais figure mais nova que endexamais. A costume de leer é sen dúbida o millor remedio pra espaventar as costumes. Pode que na librería da casa agarden volumes virxes, e de fixo outros dinos de mais fonda meditación. Mais a novidade imponse rexida por misteriosas afinidás eleutivas que non se quer definiir

pois os ceibes membros da cofradía fuxen de profundar. Sempre son mozos. Todo o seu vivir esbara por riba dos perigos da especialización. No escaparate do libreiro locen tídoos; dúbidase un instantiño. Cada libro fai unha chamada, esperta un gostar, unha arela, unha debilidade. Son coma as mulleres do Sultán. O catador demora gostosamente a escolleita. As editorías debían pensar moito na cortina tipográfica do libro que ô igual que a do froito detremiña en grande parte o movemento da man car'o bolso. Inda restan unhas horas da mañán; pode ser que dinantes do xantar xa vaía a leutura debullada. Moitos vermouts bebense no café deserto soilo pol-o pracer de esculcar os miolos do libro mercado.

Teño coñecido moitos catadores de libros, mais coido qu'en poucas partes hai tantos como na nosa terra. Hainos ricos e probes, calados e faladores. Moitos fuxen das crasificacións feitas pol-a opinión meia; son os mais ditosos, os que millor zagan os froitos do vivir. Pois n' isto, coma no amor o segredo presta un feitizo mais â voluptuosidade.

Son os verdadeiros e desintresados gostadores das ideas e das formas. Compoñense pasaxeiras familias espiroales, acampan ô igoal dos xitanos baixo toda especie de arboredos e d'arquitecturas. Os primeiros en albiscar as novidás son tamén os derradeiros en esquencerse. Eternos estudantes sin ouxeto preciso, viven sempre na curiosidade da adolescencia. Non lle piden ôs libros

nin sona, nin proveito. Hainos de tal xeito puros que despoixa de seguir todol-os cursos non queren o tídoo pra se non sentir demarcados. Seu tempo e seu espazo mídense por cronoloxias e coordenadas particolares. Algús deixanse levar por un xeito de método envolto nas ondas da casoalidade, da moda e do carauter. Sendo moito mais que o púbrico corrente non chegan a exercer un maxisterio, pol-o menos coscentemente. Por egoísmo, por ledicia, por homildade, ou por priguiza. Perderían o millor de seu ser, pois son sustancia viva, coloide,

que non se quer vertebrar e moito menos cristaizar. No vivir especializado d'hoxe gardan un aristocratismo priguizoso, desintresado, unha especie de antigo réxime que se mantén c'o traballo dos esquirtores e dos artistas. Percorrendo os catálogos crian cada día os praceres pr'o seguinte, e cando as urxencias do vivir lles obrigan a adoitar unha profesión fánno ca vergonza e a door da independenza²perdida.

RAMÓN OTERO PEDRAYO

POLÍTECA DO NOSO TEMPO

PROLOGO

La Gaceta literaria de Madrí dirixiu un inquérito en col da políteca ós inteleituales hespañoles da derradeira fornada. Pergunta si os homes de letras deben andar metidos na políteca, e si a políteca debe intervir na literatura. Cada un responde asegún o seu parecer ou asegún o seu gusto. Eu coído que non hai dereito a iso, porqu'iste preito é cousa xugada hai moito tempo xa.

A políteca non é un mester, a que se haxan adicar os que lle dea por ahí, non é a de políteco unha profesión com'a d'enxiñeiro ou a de profesor, que proveña da división do traballo social, non é unha función púbrica que se poida escusar. A políteca é un deber, é un imperativo categórico que obriga a todos, com'obriga a obediencia á lei xusta d'orde xurídico ou moral.

Independentemente de qu'un teña ideas democráticas ou seña partidario dos poderes absolutos de calquera clás, a opinión políteca e o exercicio da políteca, con propia iniciativa ou sin ela, é un deber pra todos. Seña pra levar á cousa púbrica a iniciativa d'un, seña pra obedecer coscentemente as d'un goberno calquera, todol-os homes que viven en sociedade están obrigados a preocupárense da marcha da sociedade en que viven, e a axudaren á sua reuta go-

bernación co seu esforzo persoal. Pol-o tanto, non hai dereito a despreocupárense da políteca, á refusal-o esforzo d'un á vida púbrica. O mais, a abstenzón da políteca pódese escusar cando tal abstenzón é unha aitude políteca.

A políteca é o nó vital, o centro de forza da vida dos pobos; todol-os demais esforzos: ciencia, arte, educación, xustiza, traballo, n-ela van dar cando van endereitados como Deus manda; cand'ises esforzos non poden ter un senso ou unha utilización políteca, son traballo perdido. Todos ises esforzos teñen unha xustificazón cando s'endereitan a unha creación total, e a suprema creación, n-iste mundo, é a creación políteca. O demais é individualismo, centrifuguismo anti-social e inhumán: vida simplemente animal, ou parais os artificiaís.

Hai pol-o tanto que ser políteco, hai que selo con mais que satisfacción, con soberbia de selo.

Por iso vou falar de políteca.

I

NAZONALISMO E INTERNAZONALISMO

O Conde Hermann Keyserling anunciou qu'o porvir había ser unha loita antr'o nazo-

nalismo e o internazionalismo. Collendo as cousas n-un senso xeral, pode que teña razón, mais d'aquela, ise non é un fenómeno do porvir, senon que s'está dando dende qu'o mundo é mundo. Ora, collendo as cousas n-un senso histórico concreto, o Conde Keyserling vai trabucado, posto qu'os primeiros tempos d'ise porvir qu'il anunciou, chegaron xa, e o que estamos vendo non é de ningún xeito unha loita antre nazonalismo e internazionalismo, senon precisamente o contrario: o qu'estamos principiando a ver é unha colaboración pacífica antr'ambas tendencias, ou millor dito cecais, correntes históricas.

Tamén a loita é unha colaboración; mais n-iste caso non é unha colaboración guerreira, unha colaboración por oposición, senón unha colaboración pacífica, unha colaboración por conxugación, coma se dixéramos, por casamentos.

Os feitos do noso tempo véñeno confirmar de xeito indubidábele.

A propia Sociedade das Nacións, teóricamente viría a ser a garantía internacional das liberdades nacións. O nome que leva xa dice moito, non coma feito, senón com'ideia. Tamén dí algo o pranteamento do preito das minorías nazonaes.

Hai outros feitos de mais efectividade qu'o da Sociedade das Nacións. Son principalmente: o *Congreso das Nacionalidades Europeas*, que se ten xuntado tres veces, e no qu'están representados todol-os agrupamentos nacións non acollidos pol-a Sociedade das Nacións coma minorías nacionais e non teñen pol-o tanto garantía política nos Estados en qu'están encravadas, e que teñan manifestalo en forma a sua vontade de cultura independente.— E a *Liga contr'o Imperialismo e pol-a Independenza nacional*, da qu'o Consello xeral xuntouse en Bruxelas no mes de Nadal, e que é unha verdadeira alianza de todol-os pobos oprimidos do mundo.

O C. das N. E. é unha organización que cobiza manterse ausolutamente nas vías legais do Dereito internazional público e dos principios qu'informan a S. das N. acolléndose ó que podemos chamar *Dereito minoritario*, com'espresa ben iste acordo qu'entrecolle-

mos dos da xuntanza de Xinebra en 1927. «O Congreso acorda qu'as minorías nacións s'esforcen por chegar a un acordo e axudárense na defensa dos seus dereitos en todol-os Congresos d'órgaos internacionas ond'as custións minoritarias señan debatidas». O C. das N. E. agarda faguer trunfar o que defende no seo da S. das N., e con seguranza que os seus traballos han ter unha eficacia mais próxima.

A *Liga* é unha organización mais libre e mais revolucionaria. Vai directamente contr'a política colonial, coma non podía menos, e n-iste senso, sendo fiel ós seus principios, non poderá recoñecer proteutorados nin mandatos nin outras formas de violación do dereito dos pobos autorizados pol-a S. das N. As verbas agresivas do Consello xeral contr'os Estados Unidos na xuntanza de Bruxelas amosan ben os seus propósitos: «...convencido de qu'os E. U. no seu desexo de conqueriren o mais rápidamente posibele os mercados da América latina, as suas grandes riquezas en materias primas, a man d'obra das poboacións esprotadas sen misericordia, e de desaloxar á sua concorrente n-esta esprotación, Inglaterra, organizaron a Unión Panamericana pra co-ela simularen ás nacións da América latina unha amizade que non profesan...» Esta dureza de lingoaxe, tan lonxe da *comitas gentium* dos diplomáticos, ben indica un propósito combativo do que o éisito non está tan na man, mais que pode chegar a ser mais cumprido.

Pois ben: a existencia soilo d'estas organizacións demostra de xeito práctico qu'o nazonalismo, lonxe de se opôr á solidariedade internazional, ó contrario, precisa d'ela. As nacionalidades oprimidas, privadas da liberdade pra desenrolaren a sua riqueza e a sua cultura autóctona, están obrigadas por forza a buscaren achego unhas n-outras, a xuntárense, a formaren fortes alianzas internacionas coma que somentes n-un forte organismo supranazional poden achar garantía de que señan respeitados os seus dereitos.

A autonomía dos pobos, que os imbéciles pensan qu'os arreda e distancia, é pol-a contra, o intrés común que serve pra xuntalos. Isto teño eu escrito moitas veces.

Nazonalismo e internazonalismo non son terminos antitéticos. Somentes os incapaces de pensar pódenos considerar opostos. Os que s'opoñen diametralmente son nazonalismo e imperialismo. Estas si que son as duas forzas qu'están loitando e que veñen loitando dende que hai homes. coma loitan

o ben e o mal, o dereito e a arbitrariedade, a razón e a forza.

O que teña concencia e dinidade d'home, ten o deber d'alistárese baixo a bandeira do dereito e da xustiza.

VICENTE RISCO

RESPOSTA A UN INQUÉRITO

O CONGRESO MUNICIPALISTA RURAL

Hai aberto no «Pueblo Gallego», de Vigo, un inquérito para sabere si debe de se xuntar ou non un Congreso municipalista rural c'o ouxeto d'estudar a millor organización política e administrativa que compre darlles ós concellos campesiños.

Moitas persoas de verdadeira autoridade votaron xa en prol da xuntanza do Congreso. Pregándose a nosa opinión, a da «Irmandade da Fala» da Cruña, queremos dala, inda que non é percisa, tendo en conta que ven craramente háchase esposta no idearium que nos guía e que foi contrastado de xeito serio en varias Asambleas, que esqueceu o Sr. Casás, cecais por ollar d'abondo para sí mesmo e para as suas cousas. Referímonos ás Asambleas do N. G., iniciadas en Lugo, e continuadas en Santiago, Vigo, Monforte e a Cruña, onde tratóuse a concencia de canto se relaciona co'a vida da nosa terra, e onde por primeira vegada o sentimento e o pensamento integral da galegitude audiveron a se refrexaren nidiamente.

N'un cuestionario que o N. G. mandou a total-as sociedades agrarias galegas, para que istas dixeran nos puntos nos que s'amostraban d'acordo c'o galeguismo militante e nos que deixaban de o estare, oferíanse ideas referintes á parroquia e mais ó concello ruraes. Pois ó Congreso municipalista que trata de se organizar, si ó fin é un feito—c'o que implicitamente fica dito que simpatizamos con él—levaremos o cuestionario de referencia c'unha representación autorizada do noso xuntoiro que tantos froitos de enxebreza trascendente leva xa colleitados.

Todo o que se faiga en ben da Galizá terá sempre o noso alaudo e o noso agarimo. E com'o Congreso municipalista—que pode ser cimento de cousas moi importantes,—por outra parte, iniciárono bós amigos nosos, mereceríamos o título de galegos serodios si non lle emprestásemos un voto de simpatía.

Velahí, pois, a opinión da

IRMANDADE DA FALA.

X. CALVIÑO DOMÍNGUEZ

ABOGADO-PROCURADOR

CANTÓN PEQUENO, 1-(OFICINAS)

Teléfono, 581.

A Cruña.

DO MOMENTO

A pesar de todó o que se dí en contrario, eu vexo, e calquera pode vel-o, que nunca como agora intensificouse tanto a autuación literaria, no propio idioma, nas rexións hispánicas que poseen idioma e características raciás particulares. Si é certo que arestora non se producen cón frecuencia manifestacións políticas no aspecto rexional, non cabe dúbida que as literaturas están vivindo un momento de esprendida intensificación e progreso.

Aparte de Cataluña que n'iste aspecto ten unha historia groriosa pero que agora maniféstase mais xurdia e firme, Valencia, Aragón e Galicia traballan na hora atual d'un xeito grande na intensificación da literatura propia.

En Valencia manifestarase xa vai para seis anos un espetar na literatura e sentimento valencianista que estivo logo durmente hasta agora que volve a rexurdír con novas publicacións entre as que destaca a excelente revista «Taula de les lletres valencianes». En Aragón os do grupo «El Ebro» traballan autualmente con firmeza na defensa dos problemas esprituás e materiás da patria de Costa. Onde non se olla tan intenso éste rexurdír é na Vasconia penso eu que debido quizais ás dificultades do idioma e ao caraiter reconcentrado e pouco expansivo do movemento vasco.

Aquí na Galicia xa o vemos. A cotío aparecen novos libros e cada vegada millores. Do que sucede entre nós no aspecto que comentamos lévase falado xá moito e non é perciso insistir. Abonda con celebrar con ledicia o feito e impulsar a sua continuación, que salvo impedimentos momentáneos xa non pode interrompirse. A forza adequirida levarános a moi lonxe para ben do noso idioma e da nosa terra.

Eu tamén quero solidarizar o meu sentimento pol-a morte de Blasco Ibáñez. As suas producións literarias e políticas fixé-

ronme sentir xurdias emocións e admiración pol-o escritor e pol-o home de firmes convicións democráticas e rebeldes mantidas hasta derradeira hora. De non morrer na hora en que mais falla fan homes da sua envergadura ideolóxica; o que fai aumentar mais o pesar pol-a sua desaparición, aínda daríamos páxinas escritas e feitos personás en honor a unha nova Hespaña que xá alborea.

O feito pol-o arcebispo de Tarragona non ten nada de político nin tampouco nada de particular. E unha cousa lóxica e natural realizada por un home da sua representación social. As drotiñas de Cristo non teñen ningún idioma determinado para a sua exposición proselitista. A Igrexia dí que Deus fixo aos homes e aos pobos distintos difrenciándoos tamén na fala. Así ten que valerse de cada unha para chegar ao curazón e ao pensamento de cada pobo e de cada home.

Por eso o arcebispo de Tarragona dixo o que dixo con respecto a Cataluña.

Na India agudizouse derradeiramente o problema da sua independencia. Nas Filipinas voltan novamente a pedil-a. Dous feitos que se producen porque os problemas sentimentás e ideolóxicos, non se arranxan d'outró xeito que estudándoos e resolvéndoos.

A Universidade Central vai dar cursillos veraniegos de idioma galego, catalán e vasco. O feito imprica o reconecimento tácito da existencia e realidade dos tres idiomas. Pero eso mesmo debera impulsar a tratálos d'un xeito mais serio e firme que facendo cursillos de verano.

Hai manifesta disparidade entre un feito e outro. «El Sol» demostra mais cultura e comprensión que todo o claustro da Univeridade:

VÍCTOR CASAS

O CONCEITO DE IRMANDADE

TESTIMONIO DE GRATITUDE FONDA

Co noso irmán Xosé Lesta Meis, dóuse un caso curidoso: que todol-os empregados do Hospital de Sant-Iago, enfermeiros, praiticantes, freiras, o mesmo que médicos e demais, mostráronlle fondo agarimo pol-a razón d'él sere galeguista aceso e escritor galego, mentres tivo acougo no dito refuxio de doentes.

E nós que facemos da solidaridade c'os nosos correlixionarios un culto esgrevio, atraigados de gratitude para todol-os fidalgos curazóns favorecedores do probe Lesta, escribimos istas liñas.

Cantos traballan no Hospital compostelán tiveron atencióe e consolos fraternos para o gabado autor de «Estebo». O doutor Villar Iglesias estudou con verdadeira seriedade a súa doenza. O gran Nôvoa Santos, visitóuno agarimoso. E Puente Castro, o ciruxano maxístral, fixo pol-o bó e nobre Lesta canto podería facer o irmán millor pol-o millor irmán. Non soio operouno á concencia, mostrando unha vegada mais o seu fondo domiño na arte cirúrxica, o xusto da grande sona que ten conquerido para honra súa e da Medicina galega, senon que aínda fixo mais: ofrendarlle alimentos especiaes custeados do seu propio peculio. Puente Castro, o ciruxano de ferro, con curazón de neno, que outrora tivo a sorte d'ouvir dos beizos santos do inequiescente Lago González, no tráxico instante do pasamento de este, aquela frase subrime: «Todol-os galegos teñen que s'axuntaren para salvar á Galiza», ó se atopar car' o Lesta, cara a un dos mais nobres e rexoos galeguistas, cara a un dos mais dínos membros da nosa «Irmandade», puxo tod'a cencia e toda a fidalguía que posee ó servizo da saude d'aquel.

Hai cousas que se non poden esquencer. E nós non esquenceremos nunca as boas auciós que para Lesta tivo o escelso doutor Puente Castro. O ben que se lle fai a un dos nosos irmáns é un ben que coidamos feito a todos. A milleiros de galegos espallados pol-a terra que nos sentimos sempre xunguidos pol-a santa relixión da galeguidade. Para Puente Castro, para Villar Iglesias, para Nôvoa Santos, para todol-os empregados do Hospital de Sant-Iago un cordialisimo aprauso da «Irmandade da Fala». E paraos irmans santiagueses, entr'os que Camilo Díaz é un dos bós e xenerosos, istas verbas: fuchedes dínos á vós mesmos; fixechedes honor ó concepto de Irmandade.

A Exposición d'Arte Galega en Vilagarcía

Dend'o 20 de Xaneiro ó 15 de Febreiro, estivo aberta na fermosa vila, capital da ría d'Arousa, unha «Exposición de Arte Galego», na qu'estiveron representados cáseque todol-os nosos valores. Presentaron obras 45 artistas galegos, algúns d'iles inda descoñecidos.

Unha nota débese destacar. A de qu'ista exposición non contou con proteición oficial de ningunha crás. Nin o Autamento de Vi-

lagarcía, nin a Diputación pontevedresa diron unha cadela. A Biblioteca Popular de Vilagarcía c'a axuda económica do «Nuevo Club», fixo o miragre de orgaizar unha exposición que foi acollida con aprauso en toda Galicia. E qu'ademais estivo moi ben instalada e n-ela figuraron tan bós cadros como en outras, nas que se gastaron os cartos a moreas. Ben é verdade que total-as exposicións deica agora instaladas en cidades galegas non tiñan esta cordialidade moza da de Vilagarcía, orgaizad apor homes novos, que

nona orgaizaron pra vestir *chaquet*, senón por amor á nosa cultura.

Na Exposición deron confrenzas moi intre-santes os nosos queridos amigos Losada Diéguez, Dieste, Cabeza de León, Otero Pedrayo e Basilio Alvarez. Losada falou dos fundamentos da pintura galega. Sinalando como tals: a arte popular, a tradizón e mais a paisaxe. Dieste analizou as novas tenden-zas artísticas: impresionismo, orfismo, cu-bismo, post-espresionismo. O Dr. Cabeza de León estudou a vida universitaria galega nos anos do afrancesamento, Otero Pedrayo fixo unha conferencia en col do senso román-tico da paisaxe e de Compostela, Basilio Alvarez pronunciou un discurso no auto da crausura de tan brillante Exposición, no que dixo cousas moi atinadas tratando dás in-fruencias das artes no senso moral dos hom-es e dos pobos.

Ô facer presente a nosa mais cordial em-bora os orgaizadores de tan patriótica em-presa queremos que conste a nosa protesta contras as corporazóns da nosa terra que, estando na obriga de contribuir ô noso re-xnrdir artístico e literario, negan a sua axu-da a total-as manifestazóns culturaes.

A Dinificación do Idioma

Xohán Carballeira falou fai días no «Pue-blo Gallego» d'unha necesaria unificación no idioma e propuña que no próisimo «Día de Galicia» celebrárase unha reunión para tomar acordos encol do asunto.

Na primeira páxina do primeiro número da notabre revista valencianista que acaba de aparacer «Taula de lletres valencianes» ao falar dos propósitos que a inspiran lee-mos unhas verbas relacionadas con asunto semellante as que a continuación damos traducidas:

*«A todos se vos convida. Condición: Es-
prito de asociación, obra, por tanto, de re-
nascimento espiritual, de cultura vernácula.
Deixemos de banda o pernicioso individua-
lismo. A nosa revista nasce curada d'este
vicio racial. Tampouco esterilizaremos o
nosos esforzo en debates pol-os arcaísmos ou*

*vanguardismos, nin en si a nosa fala é idio-
ma catalán ou autóctono nin pol-o criterio
ortográfico, esa pantasma pueril que voltou
a elevarse á preeminencia de ideal promo-
toro de guerras entre os escritores valencia-
nos. Os clásicos gregos e latinos pasaron a
total-as literaturas resistindo a proba das
traducións, da ortografía e das diferen-
cións raciás todas...»*

Pol-a nosa parte, nós temos abondado moitas vegadas, dixémolo moitas tamén, no criterio da revista valencián.

Producir, escribir, intensificar o uso lite-rario do noso idioma que a seleición e a uni-ficación virá ao tempo e cando xá se consi-dere materialmente necesaria.

Realmente a esa necesidade ainda non chegamos pero nen cabe dúbida que de se-guir a nosa literatura pol-o camiño que leva non estará lonxe o día. Agora ben: ¿Qué normas imos a seguir? Non podemos seguir ningunha regra fixa porque non está esta-brecida co'a autoridade obrigada.

Cabe, ao noso xuicio, aparellar os dous criterios. Non deixar de producir, producir moito dende logo coidando cada escritor o léxico que empregue e ao mesmo tempo ir pensando en poñerse d'acordo, escritores e entidades, para dictar unhas regras fixas en determinados aspectos onde aparece mais craramente manifestado o desacordo, como no uso dos apóstrofos etc. etc.

Pódesse para elo celebrar a reunión que dí Xohán Carballeira. Ir todos dispostos e con bón ánimo para chegar a un acordo, estu-dar o asunto e si consíguese unificar o idio-ma en algúns aspectos, eso iremos ganando para o futuro.

Hoxe está visto que hai vontade de escri-bir ¿por qué non aproveitar a ocasión para o demais?

Tal é o noso criterio no asunto e por riba de todo o de que sexa como sexa o mais ur-xente é escribir en galego, moito e bón, e adoitar ás xentes e leel-o e que tome intrés por él.

LEA VOSTEDE
A REVISTA
MENSUAL

N Ó S

BOLETIN DA
CULTURA
GALEGA

NO CAFÉ

Non hai nada mais agradabel que escribir na mesa d'un café, cando iste está cheo de xente e o ár é espeso de fumo e conversa. E mais que todo isto cando o bater do dominó — impriscindibel en todo bo xugantín i-hastra mediano—chega hastra nós autoritario, imperativo, desordeando noso sistema nervioso e tirandô da folganza oriental en que se atopa sumido, meio deitado no folgado diván.

E velhaí pol-o que o dominó, tan inxustamente detraitado, é o noso dinamismo. Si por il non fora, a istas horas tí e mais eu, coitado leitor, estaríamos sometidos á infruencia somnolenta da nosa imaxinación. Tí ceçais ganases moito—pol-o menos o tempo que estás perdendo en lérme—; mais eu, ¿que facía eu? seguramente que nada, nin xiquera gastal-o papel do café como agora estou faguendo—coido que pra o cafeteiro e pra tí e o mais intresante d'istas líneas—. Pro gastar papel e amolarte a tí non é meu úneco intrés. Eu quixera falar contigo como o fago con mín mesmo ou cos íntimos mais íntimos; porque eu quixera decirche... ¿como cho direi?... eu quixera decirche... ¿que che quería decir?... Boeno ¡xa non sei de que che quería falar, i-eu sei que de algo era... ¿Do «A. B. C.»... de Glozel... do bispo de Tarragona... da Asam...? Imposibel, imposibel, non podo, non me lembro. I-é o dominó; o dominó que me deu dinanismo e me tirou as ideas... Perdoa; non podo, non podo!

LEUTER G. SALGADO

Centros Galegos

Leemos nos xornás que en diversos pobos da Hespaña estanse orgaizando «Centros Galegos». De Chile tamén nos anuncian a constitución de un en Santiago.

A nós pareceunos sempre ben que os galegos que viven fora da Terra axúntense. O que non nos parece ben é que o fagan so-

mentes para se divertir, dar festas, no Día de Galicia organizar *comelladas* e menos ainda como n'algún caso, casi co escrusivo ouxeto de convertir o Centro n'unha casa de xogo.

Poida ser que todo esto refirase aos vellos «Centros Galegos» nascidos cando o conceito de Galicia, ainda por parte de moitos galegos, era un pouco depresivo e entendíase o galeguismo somentes comendo *lacón con grelos*. Hoxe o conceito de Galicia trocouse en todas partes e tense d'ela o conceito que realmente lle corresponde como pobo.

Por eso nós pedimos que os novos centros veñan inspirados no novo estado de cousas e dispostos a traballar seriamente e nobremente pol-o progreso espiritual e pol-o bon nome da Terra. Si así fose ben vidos sexan os novos agrupamentos de galegos.

De non ser así nós rogámoslles en nome de Galicia aos orgaizadores que desistan de tal cousa facendo así un verdadeiro home-naxe á nosa representación colectiva.

Galicia na Academia hespañola

Ramón Cabanillas, o noso poeta racial, está preparando o discurso de ingreso na Academia Hespañola. Non é necesariô decir que sendo unha produción cabaniliana terá de ser algo grande e moi galego como toda obra do gran poeta.

Non sabemos fixamente pero supoñemos tamén que o mestre Cotarelo andará na confección do seu que igualmente será de gran valía.

Con tal motivo daráse nova ocasión para que Galicia e as suas letras vivan un momento de atención e respeto nos centros culturais hespañoles.

VICENTE RISCO

ABOGADO

SANTO DOMINGO, 47 - 2.º — OURENSE

EN OURENSE

Homenaxe á Xavier Prado (Lameiro)

Pol-a prensa diaria saben os nosos lectores do homenaxe que o coro «De Ruada» rendiulle no pasado mes ao culto e apraudido saineteiro e poeta galego Xavier Prado (Lameiro). Homenaxe que xurdeu por virtude d'unha patriótica iniciativa da Editorial NÓS que, no seu afán de árrequeantar a nosa produción literaria, e de que non fiquen ningún traballo inédito, dirixiuse a «Lameiro» pedíndolle autorización para imprimir as súas obras merescentes de divulgación.

Atopando xusta a idea, o coro «De Ruada» tomou ao seu cári ego o homenaxe e as obras de Lameiro, de intenso sabor folklórico, van ser impresas en Ourense.

Parécenos ben de todos xeitos que as obras, impréteas quen as impréte, non queden inéditas e agardamos que os encargados de leval-o a cabo imprimanlle a necesaria aitividade.

A NOSA TERRA de todo corazón adírese ao homenaxe por considerar que Prado (Lameiro) faciase acreedor a il pol-o seu intenso amor ao idioma nativo refrexado en total-as súas notabres produccions.

LECTURAS

ROSAS DE MALHERBE, por Alexandre de Córdova.

Alexandre de Córdova, o exquisito poeta portugués moi conosciudo e admirado entre a nosa intelectualidade e fervente namorado da cultura galega, acaba de publicar un libro de versos «Rosas de Malherbe» do que nos ousequia con un exemplar con cariñosa adicanza.

Unha xurdia colección de sonetos ateigados de saudade, inspiración e beleza. Alexandre de Córdova é para nós familiar desde a publicación de «Magnolia», outros versos que temos ollado en diversas revistas

do país irmán, por algúns que nos tén enviado para «A Nosa Terra» e ademais pol-a súa visita a Galicia co notabilísimo «Orfeón do Porto» que deu ocasión para escoitar ao poeta n'un recital que nos brindou no Circo de Artesanos.

Por todo e pol-o seu cariño pol-a literatura galega pol-a que se intresa vivamente en cartas que con frecuencia nos dirixe, considerámolo como un dos nosos.

Cantos teñan a ledicia de lér «Rosas de Malherbe» terán ocasión de se deleitar cos meles poéticos que encerra e de contado sentirán admiración pol-o seu autor que figura na primeira ringleira dos autuás poetas portugueses.

E xa é sabido que Portugal é un pobo de moitos e magníficos poetas.

O libro vai adicado ao Príncipe da Saudade o excelso Teixeira de Pascoaes e leva un prefacio do gran escritor Julio Brandão.

Estimamos no seu xusto valor o libro que nos envía e correspondemos á xentileza de Alexandre de Córdova co'a nosa mais fervente admiración e cordialidade.

TAULA DE LLETRES
VALENCIANES.

Recibimos os dous primeiros números d'esta notabilísima revista que comenza a se publicar en Valencia. Ven como dí na primeira páxina a traballar pol-o renacemento espiritual da cultura vernácula. Irmán nosa en propósitos e sentimentos. Preséntase ateigada de entusiasmo e patriotismo e fará boa laboura. Nós ollamos n'ela unha continuación do renacemento valenciano iniciado fai varios anos e que n'estos derradeiros estivera silencioso.

No seu testo aparecen orixinás de intrínsecos e nomes que nos son conosciudos no movemento valencianista.

Por todo craramente se adiviña que a súa aparición é recibida por nós con verdadeiro entusiasmo cobizándolle longos anos de vida e moitos trunfos na nobre causa que ven a defender. Con infinita compracencia estabrecemos o troque co'a notabre revista cujos números leeremos con avidez.

PENEIRANDO

O señor de Bugallal—a quen nós ollamos branco e tremelante cando soubo a primeira noticia do golpe d'Estado do 23 de Setembre, que foi en Viveiro—agora xa runfla novamente. Xa saíu do tobo onde se dispúo do medo para voltar a sentírese «home». Home político.

E opina—¡xa ora!—que co'a vella Constitución, diña de respeto por ser vella, hai d'abondo para que Hespaña poida xurdir na normalidade,

É ben agudo abofé Don Gabino. Saudoso do seu bárbaro caciquismo, quer voltar ás mesmas. ¿Cómo? Pidindo dend'o «A B C» que se restabreza o antigo. Restabrecido o antigo, Bugallal podería decire: «Facíamos onte...» E a facer o dito. A caciquear de novo, como se tal cousa.

Coidamos que a dictadura non ha consintir que volte ó vello. Pois d'aquela sufriría o peor dos descretos. Pro os galegos supoñemos que tampouco o consentirían. Nós, por decontado, berramos: ¡¡Bugallal, voilà l'enemi!! E Bugallal tenciona volver... Aviso a tempo. Antes que Bugallal calquera cousa.

Non, pois, tamén ch'é boa. O «A B C» dándolles belixerancia a Bugallal, a Lema, a García Prieto, ¡hastra a Soto Reguera!.. Pro encol d'eses esteos coida o xornal de Don Torcuato que ha de se fundamentare a renovación política da Hespaña? Vivire para ver...

«El Heraldo Gallego» de Bós Aires, despois de reproducire un artigo d'un irmán noso no que nomeaba os Ramós ilustres que hoxe hai na Galiza, laiábase de que tivese esquencido a Franco.

¡Qué probe ideoloxía a d'aquel boletín! Inda coida que abonda a partida de bautismo para que a un se lle considere galego representativo. Franco é galego, coma Canalejas e Dato, verbigratia. Naceu por casualidade na nosa terra, educouse fora, e fora actuou, alleo a toda preocupación galeguista. O que Galiza tiña de bó e ruín enantes da sua nacencia, bó é ruín seguiríao tendo

despois, de seren tool-os mais conterraños coma o aviadore.

Franco, para nós, somentes resulta un natural da Galiza. Os outros Ramós, amén de naceren eiquí, traballaron e sacrificáanse pol-o noso. Axudaron ó progreso galego. E Franco ¿fixo o mesmo?

No «Diario de Lisboa» publicouse unha interviú que lle fixo a Don Ramón del Valle Inclán, Novais Teixeira.

N'isa interviú di o autor de «Flor de Santidade». «O galego nunca foi un idioma falado. Asin como o armenio foi a invención de algúns frades, o galego foi a criación d'un grupo de poetas».

Pro o «excentrico» Don Ramón fala en serio? ¿Non quixo bulrarse do Novais Teixeira?

¡Nunca foi o galego un idioma falado! ¡Vaites, vaites! Tan falado, que cáseque é seguro que naceu na Galiza e da Galiza levouse a Portugal. Herculano o P. Feixóo, entre moitos mais, asin opinan. Pro sexa como queira ¿qué se falaba na Galiza despois de se corrompere o latín? En que se achan escritos os documentos galegos, públicos e privados, até o século XV? ¿En qué se diferencia o galego do portugués até esa época? En que está escrita a «Crónica Troyana»? ¿Que é iso que se fala aínda, sin ningunha misturanza de castelán en moitas montañas da nosa terra?

¡O galego criación d'un grupo de poetas! Don Ramón del Valle Inclán ¡vosté é un pavero! E ás vegadas un mala alma ¡ouh Blasco Ibáñez! Como cando afirma na mesma interviú que Rosalía foi un cativo poeta, con sensibilidade de campesiña, despois de loubar, «Os Simples» de Guerra Junqueiro, cal o millor do gran vate portugués. E «Os Simples» ¿non están ateigados de sensibilidade campesiña?

Pol-o demais, ben sabemos os galegos que non todo Portugal é a rexión miñota. Pese ó que sentimos afinidades por toda a nación portuguesa, xa que en toda ela se fala unha lingua que naceu cand'a nosa e sigue parecéndonos nosa.

M a h â t m â G a n d h i (1)

Algús xornais trouxeron a nova de que Gandhi, o home mais grande dos nosos días, anunciou públicamente que morrería pr'o día 12 d'iste mes. S'il o dixo de certo, así ha ser.

Pol-o intrés extraordinario d'esta figura, especialmente pr'a xente que se preocupe de nazonalismo, de relixió e de reformas sociás, damos eiqui un pequeno esquema biográfico do subríme Mahâtma traducido do libro que li'adidou R. Rolland e que iba xa no 1924, na 18.^a edizón francesa.

I

O seu verdadeiro nome é Mohandas Karamchand Gandhi. Naceu n-un pequeno estado semi-independente do Noroeste da India, en Porbandar, *a vila branca*, no mar de Omán, o día 2 de Outono de 1869. Raza ardente, inqueda, ata fai pouco axitada pol-as guerras civís. O seu abó i-o seu pai foron os dous, primeiros ministros. Os dous disgraciados pol-a súa independencia, tiveron que fuxir. Naceu n-un meio rico, independente, cultivado, mais non da caste superior. Seus ascendentes pertencían á escola Jañ do Hinduismo, na cual un dos grandes principios é o *Ahimsâ* (2) qu'il debía afirmar victoriosamente no mundo. Pr'os Jañistas, o amor mais qu'a intelixencia é o camiño que leva a Deus.

O pai de Mahâtma non daba ningún valor ô diñeiro, e deixou pouco ôs seus, mais cásique todo o gastou en facer caridades. A nai, rexamente relixosa, foi unha Santa Isabel hindú, aunando, facendo esmolas, e velando ôs doentes. Na súa casa líase diariamente en familia o *Râmâyana*. A súa primeira educación foi confiada a un Brahman que

(1) Iste nome foi dado a Gandhi pol-os seus discípulos e sinífica:

=MAHÁ, grande; ATMÁ, alma. A verba remóntase ôs Upanishads, e é o nome que dan ô ser supremo, e por comunión de coñecimento e d'amor, a aqueles que se compenetraban coil.

«Il est l'Un lumineux, le Createur de Tout, le Mahâtma, Toujours dans le cœur der peuples établi, Révélé par le cœur, par l'intuition, par l'intelligence, Celui qui le connaît, il devient immortel».

Tagore, visitando en Nadal de 1922 a *Ashram* (retiro favorito de Gandhi) cita iste belo versículo, apricandoo ô Apostol.

(2) A: non, HIMSA: facer mal = Non-violenza. Un dos mais antigos principios da relixió hindú, particularmente afirmado por Mahāvira, fundador do Jañismo, por Budha, eisi como dos defensores do culto de Vishu, que tivo moita influencia sobor de Gandhi.

lle enseñou os testos de Vishnu (1). Mais adiante laiábase de non ter sabido nunca ben o sanscrito: un dos seus cabuxos contra a educación inglesa, que lle fixo perder os tesouros da súa língoa. Así e todo coñece ben as Escrituras Hindús; mais coñece os Vedas e os Upanishad pol-as traduciós.

Pasou por unha crisis relixosa mentras qu'estaba na escola. Por rebeldía contra o hinduismo idólatra e dexenerado—ou creeu ser—durante algún tempo un ateo. C'os seus compañeiros chega, na súa impiedade, ata comer carne a escondidas (o mais espantoso dos sacrilexos pra un hindú!) Despois creeu morrer de horror e de disgusto. (2)

Casouse sendo aínda un neno (3) e ôs dazanove anos foi a compretar os seus estudos a Inglaterra, á Universidade de Londres e á Escola de Dereito. A súa nai non lle consentiu marchar senón despois de lle ter feito coller os tres votos Jañs que o obrigaban á abstención do viño, da carne, e das relacións sexuais.

Chegou a Londres, en Setembro de 1888. Despois dos primeiros meses d'incertidume e de decepciós—gastou inxenuamente moito tempo e diñeiro, dice il, en se facer un gentlemann inglés—acomodouse a unha vida metódica e a un traballo severo. Os amigos

(1) Estudiu ata os sete anos na escola elemental de Porbandar, despois na escola pública de Raj-Kât; despois dez anos no High School de Kattyavar, e por último ôs dazasete anos na Universidade de Ahmedabad.

(2) Mais tarde confía as suás penas a José J. Do-Ke: perdeira o sono, e críase un criminal.

(3) Prometido ôs oito anos, casou ôs doce. Combateu os matrimonios entr'os nenos, onde atopaba unha causa de ruína da raza.

Non embargante engadía, unha tal unión pr'a vida, escomezada denantes de se formar o caraute, pode producir antre os esposos unha fermosa unidade d'almas. O seu propeo matrimonio é un admirabile exemplo. A Sra. Gandhi participou de total-as probas do seu home c'unha fidelidade e un coraxe endexamais desmentido.

fixéronlle coñecer a Biblia; mais non chegara aínda o instante de qu'il a comprendera. Cansouse nos primeiros libros, e non pasou do Exodo. Pol-o contrario, foi en Londres onde descubriu a beleza do Bhagavad Gitá. Isto foi a luz que lle cumpría ó mozo indio desterrado. Voltoulle a fé. Recoñeceu que «por ila, a salvación era posibre somentes pol-a relixión hindú».

Voltou á India en 1891. Triste volta. Sua nai facía pouco que morrera, e ocultáranlle a sua morte. Faise abogado na Audencia de Bombay. Algús anos despois, deixa a carreira por considerala inmorál. Aínda nos tempos en que a exerceu, reservábase o dereito d'abandear unha causa cando a inxusticia manifestábase n-ela. Xa n'iste tempo grandes persoalidades indias adiviñaban n-il a sua misión futura: *o rei sin coroa* de Bombay: o Parsi Dodabhai, e o profesor Gokhale, os dous ardentes d'un relixoso amor pol-a India: Gokhale, un dos mellores homes d'Estado da sua patria, e dos primeiros a restaurar a educación india; Dodabhai fundador do nazonalismo indio, asegún dí Gandhi, os dous mestres de prudenza e de dozura.

Foi Dadabhai quen, vendo o ardor xuvenil de Gandhi, deulle en 1892 a sua primeira leición práctica de *Ahimsá* na vida pública: a positividade heróica, si é posibre xuntar istas duas verbas, o pulo apaixonado, que resiste ó mal, non pol-o mal, sinón pol-o amor. Hemos voltar sobor d'ista verba máxica, subríme mensaxe qu'a India dirixe ó mundo.

No ano 1893 comenza a aición india de Gandhi. Divídese en duas xornadas. De 1893 a 1914, ten por campo a Africa do Sul. Dende 1914 exércese sobor da India. Qu'ista aición de vinte anos no Sul de Africa non tivese mais resoancia na Europa, é unha proba da increibre estreiteza d'horizonte dos nosos homes públicos, dos nosos historiadores, dos nosos pensadores e dos nosos homes de fé: por qu'ila é unha epopeya da i-alma, sen semellanza no noso tempo, non somentes pol-a puxanza e a constanza no sacrificio, senón pol-a sua victoria derradeira.

(Continuaráse.)

EFEKTOS NAVALES

de

FERRER E COMPAÑÍA - SUCEORES

F. Bertrán e Mirambell

VIGO E A CRUÑA

(CASA FUNDADA EN 1868)

Artigos xenerás para equipo da Mariña militar vapores, barcos de vela e pescadores.

Imp. NÓS, Real, 36-1.º A CRUÑA

Grandes Almacenes de Tecidos

NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERIA E CONFECIONS

INMENSO SURTIDO EN PANOS DA REXIÓN E EXTRANXEIROS CONFECIÓNANSE TODA CRAS DE PRENDAS PARA MULLERES, HOMES E NENOS

San Andrés, 41 e 43 -- Teléfono 256

A CRUÑA

FILLOS DE H. HERVADA

(CASA FUNDADA EN 1865)

A CRUÑA

FERRETEIRIA, QUINCALLA, MUEBLES, MAQUINAS, PEDRAS FRANCESAS PARA MUIÑOS ETC. ETC.



AGUAS DE
MONDARIZ
FUENTES DE GÁNDARAY Y TRONCOSO
Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador

Véndese en todas
Boticas, Droguerías,
Hotels,
Depósitos d'augas
minerás,
Restaurans e
vagos-camas de
todol-os três.

As mais indicadas en casos
de artitrismo, desnutrizón, diabetes,
obesidades diversas, doenzas do
aparello dixestivo, anemia
e neurastenia

Riquisma auga de mesa
gaseada naturalmente.

MONDARIZ - BALNEARIO
a 35 kilómetros de Vigo

Representante na provincia da Cruña, D. Antonio del Moral,

Rúa da Amargura, núm. 15

A CRUÑA